



Eva Díez #Sen título, 2011

MEDIR O INESGOTÁBEL

Igual que Plinio, aseverando
que os mármore medraban nas canteiras,
que a pedra —coma un soño a medio enfiar, unha salamántiga—
non perdía a ocasión de rexenerarse,
así o poema, unha criatura que se embosca nos teus pálpitos;

e se descobre, coma o rostro en lúa chea da curuxa,
abisal e interrogante.
Confúndese o poema con facer noite ás portas da cidade prohibida —Lhasa—,
e as palabras con animais que, durante o sono,
se aproximarán para uliscarnos;

con certeza, é algo semellante
ao presentimento dunha frecha antes de perforar a espesura
e os estralos da espesura; corazóns e trevos, un exército de símbolos
fuxidos dos naipes.
Se cabe, unha técnica capaz de recordar
aquela bendición cherokee, tralo nacemento:
oxalá vivas tempo abondo
para saber por que chegaches.

Alba Cid